

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación  
Universitaria  
Edificio Administrativo San Caetano  
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/29121/17

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario Faro de Vigo o 28 de novembro de 2017 en relación co posible caso de acoso escolar no CPR Plurilingüe Barreiro, en Valladares sufrido por unha alumna, de nome █████, cunha enfermidade pediátrica rara que ten, como unha das súas manifestacións, a corta estatura.

Na noticia sinálase esencialmente que unha familia ten denunciado ante a Policía un posible caso de acoso escolar e reclamaron que se activase o protocolo establecido para tales situacións. A noticia sinala que *“la Consellería de Educación, en cambio, lo ve como una “situación contraria a la convivencia” ya que “en este momento”, al servicio de Inspección no le consta “que sea una situación que se repita en el tiempo” sino más bien “puntual”. De todos modos, asegura que “desde el propio centro tomaron las medidas correctoras oportunas”* (as expresións entre aspas figuran así na noticia). A familia non está de acordo coas medidas adoptadas.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos desa consellería que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados, no caso de confirmarse; sobre as medidas adoptadas no centro respecto da vítima e do agresor ou agresores; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación  
Universitaria  
Edificio Administrativo San Caetano  
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/29121/17

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Sr. conselleiro:

Por mor da queixa de oficio aberta por esta Institución como consecuencia da noticia aparecida no diario Faro de Vigo o 28 de novembro de 2017 en relación co posible caso de acoso escolar no CPR Plurilingüe Barreiro, en Valladares sufrido por unha alumna, de nome [REDACTED], cunha enfermidade pediátrica rara que ten, o día 4 de decembro de 2017 requiriuse informe a esa consellería.

Transcorrido amplamente o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle a través deste escrito para que dea cumprimento urxente ao preceptuado na citada lei autonómica (adiantando o informe vía fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da citada Lei).

Reciba un atento saúdo.

Milagros Mª Otero Parga  
Valedora do Pobo